

de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Ronda da Muralla, nº 70, 27071, Lugo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 02 de novembro de 2010.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 05745

AYUNTAMIENTOS FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía do 10 de novembro do 2010, apróbase a convocatoria para a selección dun posto de auxiliar de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia valorada, en réxime de persoal laboral temporal a xornada completa de corenta horas semanais, para a prestación do devandito servizo durante o exercicio 2010.

Clase de persoal: Laboral temporal, baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, a xornada completa.

Función: As propias que derivan da natureza do posto.

Duración: Ata o 31 de decembro do 2010.

Prazo de presentación de solicitudes: Tres días hábiles seguintes os da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Se o prazo finaliza en sábado amplíase ó seguinte día hábil.

As solicitudes presentaranse de conformidade co establecido nas bases aprobadas pola Alcaldía que estarán a disposición dos /as interesados/as nas oficinas do Concello.

Valóranse os méritos establecidos nas bases.

Folgo do Courel, 10 de novembro do 2010.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 05817

LUGO

Anuncio

En relación co anuncio insertado no BOP núm 255 o sábado 06-11-2010 relativo á CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Á PISCINA MUNICIPAL CUBERTA DO CAMPUS UNIVERSITARIO "AS PEDREIRAS", por medio deste anuncio rectificase o error cometido no epígrafe referente o "orçamento máximo do contrato", que quedará redactado do seguinte xeito:

a) Orçamento máximo do contrato: O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de 800 euros mensuais (IVE 8% incluído), resultando finalmente o ca-

non ofertado á alza polo adxudicatario na súa proposta económica.

Lugo, 8 de novembro de 2010.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 05799

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATOS

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Servizos.

b) Descrición do obxecto: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DOS ESPAZOS, FABRICACIÓN E MONTAXE DA INSTALACIÓN MUSEOGRÁFICA DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL) 10FEESL02.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 100.000 €. IVE (16 %) incluído.

5.- Adxudicación provisional:

a) Data: 22 de setembro de 2010.

b) Contratista: MARIA DESIREE GONZÁLEZ GARCÍA.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 79.344,83 €. IVE (18 %) incluído.

6.- Adxudicación definitiva:

a) Data: 4 de novembro de 2010.

b) Contratista: MARIA DESIREE GONZÁLEZ GARCÍA.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 79.344,83 €. IVE (18 %) incluído.

Lugo, 5 de novembro de 2010.- A CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 05800